

## ACTA IV

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
OFERTA EXTRAORDINARIA EMPREGO PÚBLICO 2022  
PROCESO ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL LEI 20/2021  
CONCURSO LIBRE. DÚAS PRAZAS DE ARQUITECTO SUPERIOR, PERTENCENTES  
Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA SUPERIOR.  
EXPTE. 655/406.

Na Secretaría xeral do Pleno do Concello, ás 11.00 horas do 8 de febreiro de 2023 constitúese o Tribunal cualificador do concurso libre para a estabilización de emprego temporal e ingreso en dous prazas estruturais e vacantes existentes no Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) do Concello de Vigo que ben se atopan ocupadas de forma temporal e ininterrompida desde data anterior ao 1 de xaneiro de 2016 ou ben se atopan ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016 (Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público); as prazas, pertencentes ao Grupo A, Subgrupo A1 encádranse na Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Superior (Arquitecto). As Bases específicas reguladoras da convocatoria publicáronse no BOP de Pontevedra de data 22.06.2022, o anuncio da convocatoria sinalando o BOP no que se publicaron as Bases e determinando o inicio de prazo de presentación de solicitudes publicouse no BOE de data 18.07.2022.

Integran o Tribunal os seguintes membros:

### *Presidente*

D<sup>a</sup> Beatriz Rodríguez Yáñez, TAX da XMU.

### *Vogais*

D. José María Domínguez Blanco, TAX da XMU.

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Carballo Núñez, Arquitecta da XMU.

D<sup>a</sup> Julia Chamosa Martín, Arquitecta da XMU.

### *Secretario*

D. José Riesgo Boluda, Secretario da XMU.

É obxecto da reunión proceder ao exame do escrito (Doc. 230034542) presentado en data 4.02.2023 por D. David Portela Alonso en relación coa Acta III (reunión de data 17.01.2023) pola que este Tribunal, resolvía as alegacións presentadas (3) á valoración realizada polo Tribunal en reunión de data 29 de novembro de 2022.

No seu escrito o aspirante considera que existe un erro aritmético no cómputo dos servizos prestados no exercicio da profesión de arquitecto por conta propia, apartado A) "Experiencia Profesional", epígrafe g), "Traballos na empresa privada ou en calidade

de traballador autónomo (arquitecto)”; neste sentido considera como non correctos os 83 meses que constan na Acta III, sendo o cómputo correcto de 116 meses.

Aínda que o escrito presentado non concreta o seu carácter ou natureza entende o Tribunal que cabe a súa cualificación como recurso de alzada.

Co obxecto de formular proposta de resolución o recurso, o Tribunal procede de novo o estudo e exame da documentación no seu día presentada, unha documentación que destaca pola a súa complexidade (solapamento de servizos desenvoltos, tanto na Administración Pública como traballador autónomo por conta propia nos mesmos períodos) e polo o desorden e anarquía na que se ten presentado a documentación xustificativa de méritos. Ademais, o candidato nos continuos escritos de alegacións foi emendando documentación que previamente non puido ser obxecto de valoración por ser ilexible.

II. Estímase parcialmente o recurso. Procede rectificar o epígrafe g) do apartado A) “Experiencia Profesional” computando os servizos prestados na empresa privada en calidade de arquitecto e como traballador autónomo na mesma calidade de arquitecto do seguinte xeito:

Emp. priv. Inversiones Martínez Bello S.L. 04.12.2006 / 05 12.2007. 12 meses; 1 día  
Arquitecto (traballador autónomo) 10.10.2008 / 04.11.2009. 12 meses; 24 días.  
Arquitecto (Regengo + Portela C.B.). 01.12.2010 / 12.06.2017 78 meses; 11 días

Total: 103 meses.

III. Do escrito presentado resulta, respecto do concursante, a seguinte puntuación final:

**A) Experiencia profesional. Máx. 54,00**

g) Emp. Priv./Aut. **103** m. x 0,045 p. (máx. 5,40): **4,635**

**Total A) (a+b+c+d+f+g): 30,915**

**Total (A+B) (30,915 + 2,20): 33,115**

Resolto o recurso presentado, da valoración de méritos resulta a seguinte,

**Orde de Puntuación**

- GUSTAVO MALLO CAMAÑO (54,00 + 1,70): 55,70
- SANTIAGO ULLOA AYORA (41,85 + 3,50): 45,35
- DAVID PORTELA ALONSO (30,915+ 2,20): 33,115
- JESÚS FERNÁNDEZ GARABAL (29,835 + 2,90): 32,735
- LORENA GONZÁLEZ GARCÍA (26,46 + 4,30): 30,76
- ALICIA RESILLE MARTÍNEZ (12,78 + 4,00): 16,78
- MARTA CANDOCIA ACCIÓN (13,005 + 3,40): 16,405

ANA I. FUENTES GARCÍA (11,70 + 4,70):16,40

SUSANA ALBERTE SENDÍN (11,835 + 4,50): 16,335

MANUEL PUEYO VARELA (9,585 + 4,10): 13,685

MANUEL RODRÍGUEZ RAMOS (5,67 + 2,30): 7,97

ELISA DÍAZ LORENZO (5,40 + 0,20): 5,60

ZARAIDA MARTÍNEZ SANMARTIN (3,42 + 0,80): 4,22

TANIA VARELA GRACIA (0,675 + 0,60): 1,275

DAVID ESTÉVEZ ALONSO (0,00 + 0,00): 0,00

RAQUEL GILAZAÑA RAMOS (0,00 + 0,00): 0,00

O Tribunal acorda:

PRIMEIRO. Propoñer á Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo a estimación parcial do recurso de alzada presentado por D. David Portela Alonso que resolverase na Resolución na que se proceda a realizar os nomeamentos propostos na Acta III do 17 de xaneiro de 2023.

SEGUNDO. Publicar no Taboleiro Electrónico Municipal (Sede Electrónica) a presente Acta na que consta a relación definitiva de aspirantes na Orde de Puntuación alcanzada.

Sendo as doce horas levántase a reunión formalizándose a presenta Acta que asinan comigo os membros do Tribunal do cal, eu, secretario, DOU FE.